

PROPOSTA DE PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA REORGANIZACIÓN DE EFECTIVOS DAS OFICINAS DE XUSTIZA, OFICINAS XERAIS DO REXISTRO CIVIL E OFICINAS DE XUSTIZA DO MUNICIPIO DA FASE III

O 31 de decembro de 2025 entrarán en funcionamento as oficinas de xustiza, as oficinas xerais do rexistro civil e as oficinas de xustiza do municipio da fase III. Unha vez sexan aprobadas as relacións de postos de traballo de cada unha das oficinas, procederá a reorganización do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia destinado en ditos centros.

1. NORMATIVA APLICABLE

Para este proceso é de aplicación o disposto na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 xullo, do poder xudicial, na redacción dada polo artigo segundo da Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Así mesmo foi tido en conta o disposto na seguinte normativa: Real Decreto 249/1996, do 16 de febreiro e o Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, na súa redacción actual, dado que a modificación prevista non foi aprobada a data da elaboración do presente documento.

2. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO. PERSOAS CON DESTINO DEFINITIVO OU CON RESERVA DE POSTO

O proceso de reorganización da fase III seguirá a seguinte orde:

- A. Provisión de postos de traballo singularizados polo procedemento de **convocatoria en LD**.
- B. Provisión de postos de traballo singularizados por **concurso específico**.
- C. Provisión de postos de traballo polo procedemento de **confirmación**.
- D. Identificación de postos de traballo que non se cubriron na fase anterior, que serán provistos polo procedemento de **reordenación de efectivos**.

E. Provisión dos postos de traballo que non se cubriron nas fases anteriores, que serán provistos por **reasignación forzosa**.

Poderán participar nesta reorganización o persoal funcionario en servizo activo que teña praza definitiva ou reserva de praza (incluído o persoal designado letrado/a substituto/a ao que lle sexa de aplicación a modificación do RD 1451/2005 publicada no BOE o 23.12.2024).

O proceso de adxudicación de postos de traballo seguirá a orde sucesiva de fases establecido, de forma que a obtención dun posto tras a resolución dunha fase **exclúe a participación nas demais**.

A adscrición a postos de traballo polos procedementos de confirmación, reordenación e reasignación forzosa considerarase realizada con carácter non voluntario. Nos casos de confirmación e reordenación, o cómputo do tempo de antigüidade no novo destino da nova estrutura organizativa, iniciárase desde a data da resolución pola que se accedeu ao seu destino de procedencia, antes da implantación da nova estrutura organizativa, tanto se se trata de persoal de novo ingreso como de concurso de traslado.

A. Convocatoria de postos en Libre Designación

Mediante este procedemento cubriranse aqueles postos para os que se estableza este sistema de provisión na correspondente relación de postos de traballo.

Poderán ser solicitados por todas as funcionarias e todos os funcionarios dos corpos xerais da Administración de Xustiza, segundo o corpo que se estableza na RPT correspondente, con independencia do seu destino de orixe e do momento en que tomaron posesión deste, sempre que cumpran os requisitos establecidos na resolución da convocatoria na data en que termine o prazo de presentación das solicitudes, e se manteñan na data da resolución definitiva da convocatoria.

O procedemento para participar na convocatoria e para a adxudicación dos postos polo sistema de libre designación rexerase polo disposto regulamentariamente.

Os postos obtidos por **libre designación** son postos de carácter definitivo.

Ao tratarse dunha provisión de postos en proceso de axuste, só poderán participar os funcionarios e funcionarias que estean en servizo activo ou con reserva de posto de traballo.

Os postos de traballo de libre designación que quedasen vacantes non se cubrirán nas fases de reordenación e reasignación de efectivos. A cobertura, en tanto non se convoque de novo a praza e finalmente se cubra, proverase polo sistema de provisión establecido ao efecto, é dicir, en comisión de servizos ou substitución ~~ou por persoal interino~~, segundo corresponda.

B. CONCURSO ESPECÍFICO

Mediante este procedemento cubriranse aqueles postos para os que se estableza este sistema de provisión na correspondente relación de postos de traballo.

Poderán participar nesta primeira convocatoria, soamente, as funcionarias e os funcionarios dos corpos xerais da Administración de Xustiza con destino na localidade onde deban desempeñarse os postos ofertados. Deberán reunir as condicións xerais esixidas e os requisitos determinados na convocatoria na data en que termine o prazo de presentación das solicitudes de participación, e se manteñan na data da resolución definitiva do concurso específico.

Os postos obtidos por concurso específico son postos de carácter definitivo.

Ao tratarse dunha provisión de postos en proceso de axuste só poderán participar os funcionarios e funcionarias que estean en servizo activo ou con reserva de posto de traballo.

Se estes postos singularizados quedasen vacantes non se cubrirán nas fases de reordenación e reasignación de efectivos. A cobertura, en tanto non se convoque de novo a praza e finalmente se cubra, proverase polo sistema de provisión establecido ao efecto, é dicir, en comisión de servizos, substitución ~~ou por persoal interino~~, segundo corresponda.

C. CONFIRMACIÓN NO POSTO

A Administración adxudicará de oficio os postos de traballo dos centros de destino, cuxas funcións e competencias teñan carácter de continuidade na nova estrutura organizativa que se despregue, **se existe un número igual ou menor de funcionarios destinados** en postos de orixe, que poidan ser axustados en postos de traballo da correspondente unidade organizativa da nova estrutura.

No caso de que o **número de efectivos do persoal actual exceda das dotacións** previstas nas relacións de postos de traballo da nova organización, terán preferencia para ser confirmados as funcionarias e os funcionarios de cada corpo con maior antigüidade no posto de similar contido, ao que debe ser provisto polo procedemento de confirmación. No caso de empate acudirase ao escalafón.

Se os funcionarios ou funcionarias con maior antigüidade no posto de orixe, non optasen por confirmarse nestes postos serán confirmados os funcionarios ou funcionarias de menor antigüidade no posto de similar contido, ao que debe ser provisto polo sistema de confirmación ata completar o número total de postos a confirmar por cada corpo. **Deste modo queda asegurada a dotación do servizo sen que sexa posible que existindo persoal funcionario para confirmar poida quedar algún posto sen cubrir.**

Se o complemento específico do posto confirmado fora inferior ao que viña percibindo, manterá as retribucións complementarias fixas, mentres non cambie de posto de traballo de forma voluntaria, unha vez remate o proceso de reorganización.

A confirmación realizarase nos postos de traballo incluídos na RPT para cada corpo funcionariado, tendo en conta a distribución do persoal destinado nos xulgados ou servizos comúns de orixe segundo a súa tipoloxía, a fin de que se proxecte nos servizos comúns de destino en idéntica proporción. A tal efecto a Administración establecerá a porcentaxe correspondente segundo a distribución actual (contencioso-administrativo, social, familia, **instrución, penal, menores ou vixilancia penitenciaria**), e confirmará en idéntica proporción na área que corresponda.

Así, nesta terceira fase, para os **postos xenéricos**:

- **Persoal funcionario, destinado en cada unha das salas do TSX e en cada unha das seccións da Audiencia Provincial.** Confirmaranse, respectivamente, nos postos do servizo común de tramitación do TSX, no servizo común de tramitación da Audiencia Provincial ou no servizo común de execución, nas áreas que no seu caso, correspondan.



- **Persoal destinado no servizo de apoio do Tribunal Superior de Xustiza:** será confirmado de oficio ~~de forma automática~~ no novo posto correspondente do Servizo común de tramitación do TSX ~~ou na Secretaría de goberno~~.
- **Persoal destinado na Secretaría do goberno:** será confirmado de oficio no novo posto correspondente da Secretaría do goberno.
- **Persoal de rexistro e repartición do Tribunal Superior de Xustiza, da Audiencia Provincial e no Decanato-oficinas de rexistro e repartición:** será confirmado de oficio ~~de forma automática~~ no novo posto correspondente do Servizo común xeral, nas áreas, no seu caso, que correspondan.
- **Persoal destinado nos servizos comúns de notificacións e embargos do Decanato:** Confirmaranse nos postos do servizo común xeral na área, no seu caso, que corresponda.
- **Persoal destinado nas Oficinas de Asistencia á Vítima e atención á cidadanía do Decanato:** Este persoal funcionario será confirmado no servizo común xeral na área, no seu caso, que corresponda.
- **Persoal destinado no Decanato ou Decanato PRI:** Este persoal funcionario será confirmado nos postos de traballo da unidade que preste o seu servizo correspondente: o servizo común xeral e, no seu caso, a área que corresponda.
- **Persoal destinado no SCA:** Este persoal funcionario non será obxecto de confirmación. O persoal que na actualidade ocupe prazas destes servizos comúns de apoio irán directamente ao proceso de reordenación de efectivos.
- **Persoal destinado nos Xulgados de Violencia sobre a Muller:** Este persoal funcionario será confirmado nos postos de traballo da unidade que preste o seu servizo correspondente: o servizo común de tramitación na área, no seu caso, que corresponda.
- **Persoal dos xulgados de instrución con competencias en VSM que pasan a ser xulgados exclusivos (Santiago e Ourense).** A este persoal se lle dará como opción confirmar na praza identificada na RPT con VSM ou ben na identificada con GA. Esta opción non contempla a posibilidade de non confirmar. De non optar a unha praza ou a outra, este persoal confirmarase na praza de VSM.



- **Persoal destinado en cada un dos órganos xudiciais da xurisdición civil, social, contencioso administrativo e penal¹**: Este persoal será confirmado nos postos de traballo da unidade, que preste o servizo, nestes casos, no servizo común de tramitación ou servizo común de execución, nas áreas que no seu caso, correspondan. A confirmación establecerase segundo as porcentaxes correspondentes á distribución actual, en idéntica proporción.
No caso de que este persoal tramite e execute, daráselle a opción de confirmar ou ben no servizo de tramitación ou ben no servizo de execución.
Esta opción non contempla a posibilidade de non confirmar.
De non optar a unha praza ou a outra, este persoal confirmarase nun servizo ou noutro de maneira proporcional.
- **Persoal destinado en Órganos xudiciais con funcións Rexistro Civil e Rexistros civís exclusivos**. Este persoal será confirmado nos postos das relacións de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil.
- **Persoal dos xulgados de paz**: será confirmado de oficio de forma automática no novo posto correspondente das Oficinas de Xustiza do Municipio.
- **O persoal do corpo de auxilio, salvo o destinado na Secretaría de Goberno**, confirmarase no Servizo común xeral, na área que no se caso, corresponda.

No caso de ofertar para confirmación postos que conleven a realización do servizo de garda, terán preferencia as funcionarias e os funcionarios con destino de procedencia nalgún dos órganos xudiciais incluídos no proceso de implantación con funcións de garda, aplicándose o criterio de maior antigüidade no posto de orixe previo ao acoplamento, sempre que se respecte a regra de dotación proporcional prevista.

Para o caso de que non poida ser confirmada ningunha persoa funcionaria seguirase o establecido nos seguintes apartados.

¹ A xurisdición penal inclúe postos derivados dos actuais xulgados do penal, instrución, menores e vixilancia penitenciaria. Este persoal distribuirase nas porcentaxes que correspondan en proporción idéntica.

A. REORDENACIÓN DE EFECTIVOS

Mediante a reordenación de efectivos cubriranse os postos que non se cubriron na fase anterior.

Ofertaranse os postos vacantes ao persoal que non obtivera praza en LD, CE ou que non fora obxecto de confirmación da mesma localidade. Estas prazas adxudicaranse tendo en conta a maior antigüidade no centro de destino e en caso de empate a antigüidade no corpo. No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.

As resolucións polas que se convocan os procesos de reordenación publicaranse na intranet de Xustiza e na páxina web da consellería.

B. REASIGNACIÓN FORZOSA

Mediante a reasignación forzosa cubriranse os postos que quedasen vacantes tras a resolución dos procedementos anteriores. En concreto, afectará aos postos non cubertos mediante confirmación nin reordenación.

Realizarase a reasignación forzosa mediante a adxudicación definitiva dos postos incluídos nas relacións de postos de traballo e non cubertos, tendo en conta a menor antigüidade no centro de destino e en caso de empate a antigüidade no corpo. No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.

O persoal afectado pola reasignación forzosa estará exento da obriga de permanencia mínima no posto de traballo sinalada no artigo 46.1 do RD 1451/2005, do 7 de decembro, polo que terán preferencia para obter un posto de traballo no seu centro de destino de orixe no primeiro concurso de postos xenéricos nos que se oferten prazas do dito centro.

As resolucións polas que se convocan os procesos de reasignación forzosa publicaranse na intranet de Xustiza e na páxina web da consellería.



1. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO. PERSOAL EN ADSCRICIÓN PROVISIONAL, COMISIÓN DE SERVIZOS, SUBSTITUCIÓN E PERSOAL INTERINO

A. PERSOAL EN ADSCRICIÓN PROVISIONAL. Ao persoal que se atope en situación de adscrición provisional enviaráselle un novo acordo de adscrición provisional unha vez remate o proceso de reorganización de efectivos. Este persoal sería:

- Letrados/as substitutos/as aos que non lle sexa de aplicación a modificación do RD 1451/2005 publicada no BOE o 23.12.2024.
- Persoal de novo ingreso en destino provisional.

Este persoal podería solicitar, se así o estima, nas convocatorias de cobertura de prazas en LD ou CE.

A. PERSOAL EN EXCEDENCIA CON RESERVA DE POSTO NA LOCALIDADE (NON DUN POSTO CONCRETO). Non poden participar na fase de confirmación, reordenación ou reasignación forzosa. Este persoal podería solicitar, se así o estima, nas convocatorias de cobertura de prazas en LD ou CE. A este persoal reservaráselle un posto vacante para adscrición provisional na localidade cando reingresen.

B. COMISIÓN DE SERVIZO E SUBSTITUCIÓN. Co obxecto de garantir a continuidade do servizo, manteranse as comisións de servizo e substitucións, salvo que corresponda o cese polas causas previstas na normativa vixente.

No caso de cobertura de postos doutra persoa funcionaria, serán asignados ao mesmo posto adxudicado á dita persoa.

No caso da cobertura de prazas vacantes, serán asignados ás prazas non cubertas por persoal con destino definitivo ou por persoal en adscrición provisional.

C. PERSOAL INTERINO. O persoal interino continuará sen prexuízo da adaptación ao novo posto. A estes efectos computarase o tempo desde o seu nomeamento inicial, sen prexuízo de que lles corresponda cesar polas causas previstas na normativa vixente.

No caso de cobertura de postos doutra persoa funcionaria, serán asignados ao mesmo posto adxudicado á dita persoa.

No caso da cobertura de prazas vacantes, serán asignados ás prazas non cubertas por persoal con destino definitivo, por persoal en adscrición provisional, ou por persoal titular en comisión de servizos ou substitución.

Ata o 30 de decembro do 2025 seguiranse a aplicar os criterios de cese recollidos no artigo 21.3 da Orde de persoal interino. A partir da entrada en funcionamento das novas unidades cesará quen lle corresponda segundo a praza que ocupe na correspondente RPT.

E. Para a asignación das prazas vacantes colocárase en primeiro lugar ao persoal titular e despois ao persoal interino conforme a orde establecida nas letras anteriores. Empregaranse os seguintes criterios de forma sucesiva:

1. De existir varias vacantes o persoal funcionario será adscrito a unha praza, de existir, na unidade que se asemelle á unidade do posto que ocupaba de similar contido, é dicir, se a orixe era, por exemplo, un posto no xulgado con competencias en rexistro civil, será asignado na oficina xeral de rexistro civil, ou se o posto era no decanato, no servizo común xeral.
2. Para o resto de casos ordenaranse todas as prazas de menor a maior código na RPT e as persoas sen praza de maior a menor antigüidade no **nomeamento no** posto que ocupaba antes do proceso de reorganización, de tal maneira que se asignará o código menor da RPT á persoa de maior antigüidade e así sucesivamente.

NOTA: Aos efectos de computar a antigüidade (tanto no posto como no centro de destino), tomarase como referencia a data da adxudicación do posto por concurso ou no nomeamento como funcionario ou funcionaria de carreira e non a data de toma de posesión. Non se computará a estes efectos o tempo prestado en comisión de servizos ou substitución nin outra antigüidade nun corpo distinto.